

**CURSO 2024/2025**

&lt; FILOSOFÍA &gt;

**MATERIA: FILOSOFÍA 4º ESO**

<b>Avaliación e cualificación</b>	
<b>Avaliación</b>	<p><b>1.</b> As <b>probas</b>, calquera que sexa o seu formato (exames, probas escritas de lecturas, comentario de texto, composición, argumentación escrita ou oral, etc.), suporán o <b>80%</b> da cualificación global (ata 8 puntos), media aritmética das probas, mínimo dúas probas por trimestre.</p> <p><b>2.</b> Outras actividades <b>de carácter diario</b> realizadas na aula, ou como na propia casa do alumnado terán un peso do <b>10%</b>.</p> <p><b>3.</b> Finalmente, mediante unha <b>Rúbrica de participación</b> o alumnado avaliará o seu desempeño nas intervencións orais baseadas nunha argumentación clara, coherente, respectuosa das ideas, así como a súa participación nos debates e reflexión no grupo. Este apartado terá un peso na materia dun <b>10%</b>.</p>
<b>Recuperación</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Aquela avaliación que obteña unha cualificación de suspenso (&lt;5) pódese recuperar durante o curso nas probas de recuperación que se establezan no seguinte trimestre.</li> <li>- Para a cualificación da avaliación recuperada terase en conta o traballo do alumno/a en función das porcentaxes establecidas para cada avaliación.</li> <li>- Establecerase para aqueles alumnos/ as que o requiran unha atención personalizada para a superación da materia e para iso poderanse propoñer aquelas actividades de reforzo que o profesorado estime oportunas.</li> <li>- Aquellos alumnos/ as cunha media final previa a avaliación ordinaria (&lt;5) poderán realizar unha proba global de recuperación.</li> <li>- Poderán establecerse lecturas e traballos voluntarios, así como exposicións para que o alumnado poda mellorar a súa cualificación global na materia.</li> </ul>
<b>Cualificación</b>	A cualificación final do curso será a media aritméticas das 3

<b>Final</b>	avaliacións, ou da proba global de ser o caso. Para o redondeo na nota se terá en conta a evolución do traballo do alumnado ao longo do curso, non obstante como regra xeral, se redondeará a nota ao enteiro superior a partires de 2/3.
--------------	---

### MATERIA: FILOSOFÍA 1ºBACH

<b>Avaliación e cualificación</b>	
<b>Avaliación</b>	<p><b>A) Probas específicas:</b></p> <p>A probas específicas poderán consistir en: cuestionarios, preguntas de desenvolvemento e relación de contidos, confección de táboas comparativas, esquemas, e resolución de problemas, ou casos prácticos, así como análise e comentario de textos, e ensaios ou disertacións. Realizaranse polo menos 2 probas por trimestre e <b>1</b> por Bloque.</p> <p>A nota media das probas ponderarase cun <b>80%</b> na cualificación da avaliación. Para o cálculo do 80% se fará unha <b>media</b> das probas, no caso que polo desenvolvemento do curso se varíe o peso de cada proba se avisaría con antelación.</p> <p>Para as <b>faltas de asistencia ás probas</b> esta deberán xustificarse con algún documento oficial ante o profesor para poder solicitar unha repetición das mesmas. De igual xeito, no caso de que o alumno vaia a faltar por algún motivo previsto con antelación, deberá comunicarllo ao profesor antes da proba para establecer unha data alternativa. En caso contrario o alumno/a <i>poderá realizar a proba na data prevista para a recuperación da avaliación</i> e se lle daría unha nota provisional na avaliación correspondente.</p> <p><b>B) Traballo diario e participación:</b></p> <p>A porcentaxe restante da cualificación (<b>20%</b>) obterase a través do seguimento das actividades diarias realizadas, tanto na aula como na casa, de xeito presencial, ou telemático a través da</p>

Aula Virtual, así como da entrega de tarefas prevista para cada unidade das que se avisará con antelación suficiente ao alumnado.

Poderase incluír neste apartado a presentación de traballos orais, individuais ou en grupo. Valorarase negativamente tanto a falta de realización das tarefas, como a falta de cumprimento habitual dos prazos establecidos.

A participación nas actividades e a colaboración na convivencia no grupo tamén serán obxecto de seguimento e cualificación a través da porcentaxe establecida neste apartado (**habitualmente un 10%**). Para as actividades da aula, actividades no encerado ou preguntas da clase, faise unha ponderación das nota para cada avaliación. Cando o alumno/a participa de xeito voluntario non se penalizan os erros, no caso contrario se reflicte a nota acadada.

As **actividades** que están **programadas** cunha data anticipada de entrega, e que teñen un peso máis alto na cualificación da materia, (**habitualmente un 10%**) deberán entregarse na data prevista ou terán unha cualificación de 0 puntos. O alumno/a deberá facer o traballo mesmo fóra de prazo, e será corrixido e cualificado para contar no apartado de actividades diarias.

#### **Criterios xerais de corrección e cualificación:**

Para obter unha cualificación de aprobado ou superior en cada avaliación é necesario ter unha cualificación igual ou superior a 5 puntos na media ponderada das probas (**80%**) e das entregas e o traballo diario e a participación (**20%**).

Á hora de desenvolver as respostas nas diferentes actividades de avaliación valorarase a capacidade de argumentación, a capacidade de definición, a capacidade de análise e síntese, o dominio do vocabulario e a precisión terminolóxica, a correcta contextualización, e a adecuación das respostas ás preguntas, así como a coherencia e a cohesión textual e corrección ortográfica.

#### **Aclaracións sobre a cualificación dos alumnos/ as:**

	<ul style="list-style-type: none"> <li>• As <b>incorreccións ortográficas</b> supoñerán unha penalización na cualificación de 0,1 por cada falta, a mesma falta só se penalizará unha vez, ate un máximo de <b>0,5</b> puntos por proba ou traballo.</li> <li>• Para o alumnado que teña problemas de <b>dislexia</b>, previa información deste a Orientación e aos titores/as correspondentes se aplicarán os criterios de corrección da CIUG, polo tanto, na materia de Historia da Filosofía as faltas de ortografía non penalizan.</li> <li>• A <b>Competencia en Comunicación Lingüística</b>, de modo xeral, e a <b>corrección e claridade</b> na expresión, e as correspondentes propiedades textuais, <b>adecuación, coherencia e cohesión</b>, serán valoradas de forma específica nos diferentes traballos e probas cunha porcentaxe que pode variar a longo do curso, e da que se irá informado ao alumnado oportunamente. Como referencia xeral a porcentaxe habitual non será <b>&lt; 5%</b> do global.</li> <li>• A utilización durante a realización das probas de material non autorizado ou a acción de <b>copiar</b> dun compañeiro/para implicará a descualificación da devandita proba e computarase coa cualificación de 0 puntos.</li> <li>• A cualificación de cada avaliación non contempla décimas, polo que se redondea ao enteiro superior ou inferior, segundo o caso particular e en función do bo desempeño na realización das actividades diarias, e da previsión do desempeño do alumno/a.</li> </ul>
<b>Recuperación</b>	<p>Para a <b>1ª</b> e a <b>2ª avaliación</b> no caso de que se obteña unha cualificación de suspenso (<b>&lt;5</b>) pódese recuperar durante o curso nas probas de recuperación que se establezan no seguinte trimestre. Poderán establecerse actividades de reforzo e recuperación das aprendizaxes para realizar de xeito presencial ou a través da Aula Virtual, se fora preciso.</p> <p>Para o <b>terceiro trimestre</b>, poderase establecer de maneira excepcional unha recuperación anterior á proba de Xuño, de non ser o caso, a media do curso se realizaría coas notas da <b>3ª avaliación</b> antes do remate das clases e despois da última proba do curso.</p>

	<p>A cualificación nas probas de recuperación deberá ser <b>igual ou superior a 5</b> para superar a materia.</p> <p>Para a cualificación da avaliación recuperada terase en conta a cualificación obtida polo traballo do alumno/a en función das porcentaxes establecidas para cada avaliación (<b>20%</b>), que <b>non se recupera</b> e a porcentaxe referida ás probas de recuperación (<b>80%</b>) que é a que se recupera na <b>proba de recuperación</b>.</p> <p>Establecerase para aqueles alumnos/ as que o requiran unha atención personalizada para a superación da materia e para iso poderanse propoñer aquelas <b>actividades de reforzo</b> que o profesorado estime oportunas.</p> <p>Para o alumnado que desexe mellorar a súa cualificación propoñeranse diversas actividades, especialmente de exposición oral de traballos na terceira avaliación, sempre en función do calendario, así como o programa de lecturas recomendadas do Departamento ao longo do curso. De maneira excepcional, se o profesorado considéralo oportuno, poderá establecerse unha proba específica en calquera momento do curso.</p>
<p><b>Cualificación final</b></p>	<p>A cualificación final será a <b>media</b> das cualificacións exactas das tres avaliacións con dous decimais, se considera superada a materia cando a media das tres avaliacións sexa igual ou superior a 5.</p> <p>Para o redondeo da nota final no caso de superar a materia se obterá unha subida ao enteiro superior cando a nota alcance os <b>2/3</b>. Poderán establecerse lecturas e traballos voluntarios, así como exposicións para que o alumnado poda mellorar a súa cualificación global na materia.</p>
<p><b>Convocatoria extraordinaria</b></p>	<p>O alumnado que non supere a materia en en a avaliación ordinaria dispoñerá dunha <b>proba de avaliación extraordinaria</b>. Na devandita proba valorarase o grao de adquisición dos obxectivos programados para a <b>materia completa</b> e terá como referente os criterios de avaliación para a totalidade do curso nos diferentes bloques, tendo en conta os mínimos de consecución establecidos na programación. Para superar a materia a nota debe ser igual ou superior a 5.</p> <p>A <b>data da proba</b> extraordinaria é publicada con antelación</p>

	<p>pola Xefatura de estudos, é responsabilidade do alumnado informarse sobre a data e acudir a mesma con puntualidade na data prevista.</p>
<b>Alumnado con Filosofía 1º pendente</b>	<p>O alumnado coa materia pendente deberá poñerse en contacto co profesor ao <b>inicio do curso</b> para valorar a situación e <b>planificar o traballo</b>. En todo caso a materia se pode superar a través das probas establecidas durante o curso nas datas marcadas por parte da Xefatura de estudos.</p> <p>É responsabilidade do alumnado estar pendente das datas e presentarse con puntualidade. Para as faltas de asistencia ás probas esta deberán xustificarse con algún documento oficial ante o profesor para poder solicitar unha repetición das mesmas. En caso contrario o alumno/a poderá realizar a proba na data prevista para a recuperación global.</p> <p>Para o <b>primeiro parcial</b> o alumnado deberá preparar as <i>UD1. Orixe da Filosofía, UD2. Lóxica e argumentación, UD3. Epistemoloxía</i>. Para o <b>segundo parcial</b> <i>UD4. Metafísica, UD5. Ética e Filosofía Política e UD6. Antropoloxía e arte</i>.</p> <p>A cualificación final será a media das dúas probas. A materia estará superada cunha nota igual ou superior a 5. Para o redondeo da nota se subirá ao enteiro superior a partir de <b>1/2</b>.</p>

### MATERIA: HISTORIA DA FILOSOFÍA 2 ºBACH

<b>Avaliación e cualificación</b>	
<b>Avaliación</b>	<p><b>A) Probas específicas:</b></p> <p>A probas específicas poderán consistir en: cuestionarios, preguntas de desenvolvemento e relación de contidos, confección de táboas comparativas, esquemas, e resolución de problemas, ou casos prácticos, así como análise e comentario de textos, e ensaios ou disertacións.</p> <p>Realizaranse polo menos <b>2</b> probas por trimestre e 1 por Bloque.</p> <p>O alumnado <b>poderá escoller</b> se quer que a nota media das probas pondere cun <b>100%</b> na cualificación da avaliación, ou ben dun <b>90%</b>, se quere empregar o 10% restante na elaboración de outras tarefas.</p>

Para o cálculo do 100% ou ben do 90% terase en conta que a **1ª proba ten un peso do 40% e a segunda proba dun 60%**. Esta segunda proba do trimestre ten carácter global. No caso que polo desenvolvemento do curso se varíe o peso de cada proba se avisaría con antelación.

Para as **faltas de asistencia ás probas** esta deberán xustificarse con algún documento oficial ante o profesor para poder solicitar unha repetición das mesmas. De igual xeito, no caso de que o alumno vaia a faltar por algún motivo previsto con antelación, deberá comunicarllo ao profesor antes da proba para establecer unha data alternativa. En caso contrario o alumno/a poderá realizar a proba na data prevista para a recuperación da avaliación e se lle daría unha nota provisional na avaliación correspondente.

#### **B) Outras actividades de avaliación:**

No caso de que o alumnado escolla esta opción a porcentaxe restante da cualificación (**10%**) podería obterse a través do seguimento das actividades diarias realizadas, tanto na aula como na casa, de xeito presencial, ou telemático a través da Aula Virtual, ou de igual xeito, a partires da entrega de tarefas que se poida establecer para cada unidade das que se avisaría con antelación suficiente ao alumnado.

Poderase incluír **neste apartado** a presentación de traballos orais, individuais ou en grupo, a elaboración de fichas de lectura voluntarias, a elaboración de ensaios, ou a elaboración de documentos audiovisuais, e pódcasts. Valorarase negativamente tanto a falta de realización das tarefas, como a falta de cumprimento habitual dos prazos establecidos.

#### **Criterios xerais de corrección e cualificación:**

Para obter unha cualificación de aprobado ou superior en cada avaliación é necesario ter unha cualificación **igual ou superior a 5 puntos na media** ponderada das probas (100%), ou igual

ou superior a 5 puntos na media ponderada das probas 90% e das entregas e outras actividades (10%).

Á hora de desenvolver as respostas nas diferentes actividades de avaliación valorarase de **xeito específico** a capacidade de argumentación, a capacidade de definición, a capacidade de análise e síntese, o dominio do vocabulario e a precisión terminolóxica, a correcta contextualización, e a adecuación das respostas ás preguntas, así como a coherencia e a cohesión textual e corrección ortográfica.

#### **Aclaracións sobre a cualificación dos alumnos/ as:**

- As **incorreccións ortográficas** supoñerán unha penalización na cualificación de 0,1 por cada falta, a mesma falta só se penalizará unha vez, ate un máximo de 1 punto por proba ou traballo.
- Para o alumnado que teña problemas de **dislexia**, previa información deste a Orientación e aos titores/as correspondentes se aplicarán os criterios de corrección da **CIUG**, polo tanto, na materia de Historia da Filosofía as faltas de ortografía non penalizan.
- A **Competencia en Comunicación Lingüística**, de modo xeral, e a **corrección** e **claridade** na expresión, e as correspondentes propiedades textuais, **adecuación, coherencia e cohesión**, serán valoradas de forma específica nos diferentes traballos e probas cunha porcentaxe que pode variar a longo do curso, e da que se irá informado ao alumnado oportunamente. Como referencia xeral a porcentaxe habitual non será < **10%** do global.
- A utilización durante a realización das probas de material non autorizado ou a acción de **copiar** dun compañeiro/para implicará a descualificación da devandita proba e computarase coa cualificación de 0 puntos.
- A cualificación de cada avaliación non contempla décimas, polo que se redondea ao enteiro superior ou inferior, segundo o caso particular e en función do bo desempeño na realización das actividades diarias, e da previsión do desempeño do alumno/a.



<b>Recuperación</b>	<p>Para a <b>1ª</b> e a <b>2ª avaliación</b> no caso de que se obteña unha cualificación de <b>suspenso (&lt;5)</b> pódese recuperar durante o curso nas probas de recuperación que se establezan no seguinte trimestre. Previo acordo do alumnado da materia podería escollerse unha <b>data fóra do horario da mañá</b> para realizar a proba de recuperación dunha duración de 90 minutos.</p> <p>Poderán establecerse actividades de reforzo e recuperación das aprendizaxes para realizar de xeito presencial ou a través da Aula Virtual, se fora preciso. Para o <b>terceiro trimestre</b>, poderase establecer de maneira excepcional unha recuperación anterior á proba final de Maio, de non ser o caso, a <b>media do curso</b> se realizaría coas notas da <b>3ª avaliación</b> antes do remate das clases.</p> <p>A cualificación nas probas de recuperación deberá ser <b>igual ou superior a 5</b> para superar a materia.</p> <p>Para a cualificación da avaliación recuperada terase en conta a cualificación obtida polo traballo do alumno/a en función das porcentaxes establecidas para cada avaliación (10%), que non se recupera e a porcentaxe referida ás probas de recuperación (<b>90%</b>) que é a que se recupera na proba de recuperación, ou ben o <b>100%</b> segundo corresponda.</p> <p>Establecerase para aqueles alumnos/ as que o requiran unha atención personalizada para a superación da materia e para iso poderanse propoñer aquelas <b>actividades de reforzo</b> que o profesorado estime oportunas. Para o alumnado que desexe <b>mellorar a súa cualificación</b> propoñeranse diversas actividades, especialmente de exposición oral de traballos na terceira avaliación, sempre en función do calendario, así como o programa de lecturas recomendadas do Departamento ao longo do curso. De maneira excepcional, se o profesorado considérao oportuno, poderá establecerse unha <b>proba específica</b> en calquera momento do curso.</p>
<b>Cualificación final</b>	<p>A <b>cualificación final</b> será a <b>media</b> das cualificacións exactas das tres avaliacións con dous decimais, se considera superada a materia cando a media das tres avaliacións sexa igual ou superior a 5.</p> <p>Para o redondeo da nota final no caso de superar a materia se obterá unha subida ao enteiro superior cando a nota alcance</p>

	os <b>2/3</b> . Poderán establecerse lecturas e traballos voluntarios, así como exposicións para que o alumnado poda mellorar a súa cualificación global na materia.
<b>Convocatoria extraordinaria</b>	<p>O alumnado que non supere a materia en en a avaliación ordinaria dispoñerá dunha <b>proba de avaliación extraordinaria</b>. Na devandita proba valorarase o grao de adquisición dos obxectivos programados para a <b>materia completa</b> e terá como referente os criterios de avaliación para a totalidade do curso nos diferentes bloques, tendo en conta os mínimos de consecución establecidos na programación.</p> <p>A <b>data da proba extraordinaria</b> é publicada con antelación pola Xefatura de estudos, é responsabilidade do alumnado informarse sobre a data e acudir a mesma con puntualidade na data prevista.</p>

### MATERIA: PSICOLOXÍA 2 °BACH

<b>Avaliación e cualificación</b>	
<b>Avaliación</b>	<p><b>A) Probas específicas:</b></p> <p>A probas específicas poderán consistir en: cuestionarios, preguntas de desenvolvemento e relación de contidos, confección de táboas comparativas, esquemas, e resolución de problemas, ou casos prácticos, así como análise e comentario de textos, e ensaios ou disertacións. Realizaranse polo menos 2 probas por trimestre e 1 por Bloque.</p> <p>A nota media das probas ponderarase cun <b>80%</b> na cualificación da avaliación.</p> <p>As faltas de asistencia ás probas deberá xustificarse con algún documento oficial ante o profesor para poder solicitar unha repetición das mesmas. No caso de que o alumno vaia a faltar por algún motivo previsto con antelación, deberá comunicarllo ao profesor antes da proba para establecer unha data alternativa. En caso contrario o alumno/a poderá realizar a</p>

proba na data prevista para a recuperación.

### **B) Actividade diarias e entregas**

A porcentaxe restante da cualificación obterase a través do seguimento das actividades diarias realizadas, tanto na aula como na casa, de xeito presencial, ou telemático pola Aula Virtual, así como da entrega de tarefas prevista para cada unidade das que se avisará con antelación suficiente ao alumnado.

Poderase incluír neste apartado a presentación de traballos orais, individuais ou en grupo, que deberán presentarse nos prazos establecidos.

A nota media de todos os rexistros deste apartado ponderarase cun **20%** da cualificación da avaliación.

Para obter unha cualificación de aprobado ou superior en cada avaliación é necesario ter unha cualificación **igual ou superior a 5 puntos** na media ponderada das probas (80%) e do traballo diario e das entregas (20%).

Á hora de desenvolver as respostas nas diferentes actividades de avaliación valorarase a capacidade de argumentación, a capacidade de definición, a capacidade de análise e síntese, o dominio do vocabulario e a precisión terminolóxica, a correcta contextualización, e a adecuación das respostas ás preguntas, así como a corrección ortográfica.

#### **Aclaracións sobre a cualificación dos alumnos/ as:**

- As **incorreccións ortográficas** supoñerán unha penalización na cualificación de 0,1 por cada falta, a mesma falta só se penalizará unha vez, ate un máximo de 1 punto por proba ou traballo.
- Para o alumnado que teña problemas de **dislexia**, previa información deste a Orientación e aos tutores/as correspondentes se aplicarán os criterios de corrección da **CIUG**, polo tanto, na materia de Historia da Filosofía as faltas de ortografía non penalizan.
- A utilización durante a realización das probas de material non autorizado ou a acción de **copiar** dun compañeiro/para implicará a descualificación da devandita proba e computarase coa cualificación de 0 puntos.

	<ul style="list-style-type: none"> <li>• A cualificación de cada avaliación non contempla décimas, polo que se redondea ao enteiro superior ou inferior, segundo o caso particular e en función do bo desempeño na realización das actividades diarias, e da previsión do desempeño do alumno/a.</li> </ul>
<b>Recuperación</b>	<p>Aquela avaliación que obteña unha cualificación de suspenso (&lt;5) pódese recuperar durante o curso nas <b>probos de recuperación</b> que se establezan no seguinte trimestre. Poderán establecerse <b>actividades de reforzo e recuperación</b> das aprendizaxes para realizar de xeito presencial ou a través da Aula Virtual, se fora preciso.</p> <p>Para a cualificación da avaliación recuperada terase en conta o traballo do alumno/a en función das porcentaxes establecidas para cada avaliación. Establecerase para aqueles alumnos/ as que o requiran unha atención personalizada para a superación da materia e para iso poderanse propoñer aquelas actividades de reforzo que o profesorado estime oportunas. De maneira excepcional, se o profesorado considérao oportuno, poderá establecerse unha proba específica en calquera momento do curso.</p> <p>Para o <b>terceiro trimestre</b>, poderase establecer de maneira excepcional unha recuperación anterior á proba global da convocatoria en Maio. A cualificación na proba de recuperación deberá ser <b>igual ou superior a 5</b> para superar a materia.</p>
<b>Cualificación final</b>	<p>A cualificación final do curso na convocatoria ordinaria será a <b>media das cualificacións exactas</b> con dous decimais das tres avaliacións, para superar o curso a nota deberá <b>ser igual ou superior a 5</b>.</p> <p>Para o redondeo na nota se terá en conta a evolución do traballo do alumnado ao longo do curso, non obstante como regra xeral, se redondeará a nota ao enteiro superior a partires de <b>2/3</b>.</p>
<b>Convocatoria extraordinaria</b>	<p>O alumnado que non supere a materia na avaliación ordinaria dispoñerá dunha <b>proba de avaliación extraordinaria</b> no mes de Xuño. Na devandita proba valorarase o grao de adquisición dos obxectivos programados para a materia completa e terá como referente os criterios de avaliación para a <b>totalidade do curso</b> nos diferentes bloques, tendo en conta os mínimos de</p>

	<p>consecución establecidos na programación.</p> <p>A cualificación para a convocatoria extraordinaria será a puntuación da devandita proba, co mesmo criterio de redondeo. Para superar o curso a nota deberá <b>ser igual ou superior a 5</b>. Poderán establecerse actividades de reforzo e recuperación das aprendizaxes para realizar de xeito presencial ou a través da Aula Virtual, se fora preciso.</p>
--	--